

NORMATIVA CAMPIONATO GALEGO XOGADE

CAMPO A TRAVÉS 2021-2022

O Servizo Provincial de Deportes de Lugo da Xunta de Galicia organiza esta competición destinada aos deportistas das Entidades participantes no programa XOGADE clasificadas para a fase autonómica.

NORMATIVA

- **Data e lugar.** Esta competición levarase a cabo o **domingo día 20 de febreiro de 2022** no **campo de fútbol de Lourenzá**. Ubicación: <https://www.google.es/maps/@43.4762124,-7.2956504,157m/data=!3m1!1e3>

- **Categorías.** A proba está destinada ás seguintes categorías: **alevín** 2011-2012, **infantil** 2009-2010 e **cadete** 2007-2008 nenos e nenas. As carreiras organizaranse por categorías e por sexo.

- **Participantes.** Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE coa súa entidade e clasificados nas súas respectivas fases provinciais.

- **Inscricións.** A inscrición dos/as participantes rematará o **mércores día 16/02/2022 as 14:00 h.**, e farase a través da plataforma de inscrición da RFEA (<https://isis.rfea.es>). Aqueles que non teñan acceso a dita plataforma poderán empregar as follas de inscrición adxuntas enviando o documento Excel ao enderezo electrónico: competicion@atletismo.gal. **Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial. Non se realizarán repescas.** Debe respetarse o formato da folla de inscrición.

⌚ O campo "Licenza" corresponderase co numero de identificador da licenza XOGADE.

⌚ Os campos "Nome", "Apelidos" e "Data Nac." deberán ir cubertos cos datos correspondentes a cada deportista.

⌚ Entenderase que a orde na que facedes a inscrición dos participantes é a orde na que queredes que adxudiquen as quendas.

Para ás inscricións na extranet da federación, é aconsellable que no campo "dorsal" indiqueades o número de quenda na que queredes que se inclúa o/a atleta.

⌚ No campo "Entidade" indicarse o nome do centro, club ou escola deportiva.

- Horarios e distancias aproximadas.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA	PERCORRIDO
11:00	Alevín Feminino	2000 metros	Saída + 2ABCE + Meta
11:20	Alevín Masculino	2000 metros	Saída + 2ABCE + Meta
11:40	Infantil Feminino	2500 metros	Saída + 2ABCDE + Meta
12:00	Infantil Masculino	2500 metros	Saída + 2ABCDE + Meta
12:20	Cadete Feminino	3000 metros	Saída + ABE + 2ABCDE + Meta

12:40

Cadete Masculino

3000 metros

Saída + ABE + 2ABCDE + Meta

- **Cámara de chamadas.** Os/as participantes deberán identificarse en cámara de chamadas 15 minutos antes do inicio da proba, co carnet XOGADE ou DNI.

- **Dorsais.** Entregaránse o día da proba na secretaría da competición ata 30 minutos antes do comezo de cada proba. Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. En caso contrario serán descalificados.

- **Resultados.** Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada en meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade, e sumaranse os postos destes tres/catro, sendo a entidade que menos suma a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtívase a mellor clasificación o/a primeiro/a dos/das integrantes que puntúe.

Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

- **Premios.** Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría. Os tres primeiros equipos de cada categoría recibirán un trofeo e medallas para o máximo dos 6 integrantes de cada equipo. A premiación realizarase ao longo da competición, si as circunstancias o permiten.

- **Desprazamentos.** No caso de precisar autobús, solicítalo dacordo ao procedemento habitual de cada Provincia, sexa comunicando á agrupación deportiva ou ao Servizo Provincial correspondente.

- **Protocolo.**

Atletas de categoría cadete

- Antes da entrega do dorsal deberán presentar certificado de vacinación COVID ou da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba; ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

- Haberá unha única saída, todos os participantes deberán portar máscara no inicio da proba podendo retirala no momento que se garanta a distancia de seguridade durante o transcurso da proba, na chegada a meta os participantes deberán colocala novamente. No caso de ser necesario a organización facilitará máscaras de reposto.

Atletas de categoría alevín e infantil

- Declaración responsable programa Xogade entregada a entidade correspondente.
- *Saídas en quendas de ata 20 participantes que deberán manter a distancia de seguridade de 1,5m na saída, e que poderán retirar a máscara no momento da indicación do xuíz de saídas antes do disparo. A cadencia entre quendas será dun mínimo de 20 segundos. Unha vez finalizada a carreira, o atleta deberá colocar a máscara, empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.*
- *Os adestradores garantirán que os atletas que non estean competindo ou quentando deberán estar agrupados e con máscara.*
- **Outros.** Farase entrega dun PICNIC no momento da recollida dos dorsais aos participantes e responsables que confirmen a súa asistencia (**data límite de confirmación o mércores 16 ás 14.00**)

Aquelas entidades que queiran montar a súa carpa deberán solicitalo no seguinte enlace :

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSd3q1VITDOJKG-6Voc1uwi85507qRYegO2YP9Pbaz4KGDMJXw/viewform>

Todo o non disposto neste regulamento resolverase dacordo á normativa XOGADE ou, de ser o caso segundo o regulamento IAAF.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



CTO. AUTONÓMICO DE CAMPO A TRAVÉS



LOURENZÁ - 2022

HORA	CATEGORÍAS	DISTANCIA	CIRCUÍTO
11.00	ALEVÍN FEMININO	2000 metros	SAÍDA + 2(ABCE) + META
11.20	ALEVÍN MASCULINO	2000 metros	SAÍDA + 2(ABCE) + META
11.40	INFANTIL FEMININO	2500 metros	SAÍDA + 2 (ABCDE) + META
12.00	INFANTIL MASCULINO	2500 metros	SAÍDA + 2 (ABCDE) + META
12.20	CADETE FEMININO	3000 metros	SAÍDA + (ABE) + 2(ABCDE) + META
12.40	CADETE MASCULINO	3000 metros	SAÍDA + (ABE) + 2(ABCDE) + META



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Xacobeo 21-22